

Adoutrina e impulsa a desigualdade no ensino

Para o STEG o [anteproxecto de modificación da Lei Orgánica de Educación](#) do Ministro Wert contempla unha contrarreforma en toda regra do actual sistema educativo, pretendendo unha educación segregadora, elitista, adoutrinadora, antidemocrática e recentralizadora. No canto de seguir a construír unha escola democrática e de calidade para unha sociedade moderna, plural e igualitaria, estamos ante un proxecto educativo pensado para afondar na fractura social da desigualdade.

Este goberno, coa LOMCE, renuncia ao obxectivo fundamental do ensino público que debe ser a eliminación das desigualdades de orixe socioeconómica.

Se esta crise capitalista están a padecela con maior violencia as persoas que menos teñen, con esta reforma pechámollas a porta á mellor posibilidade que tiñan para a mobilidade social as súas crianzas e, xa que logo, a posibilidade do dereito a traballar para conseguir unha vida digna.

1 É unha contrarreforma cargada dunha ideoloxía rancia que semellaba superada.

➤ Elimina materias que amosan a realidade e a cultura plural da nosa sociedade (Ed. Para a Cidadanía, Ed. Ético-Cívica, Ciencias para o mundo contemporáneo...).

➤ Aumenta a presenza e importancia da Relixión Católica.

➤ Non serve para construír a escola do futuro senón para instaurar a escola do pasado.

➤ Retrocede na igualdade efectiva entre mulleres e home que se reflicte, entre outros, na linguaxe sexista do documento e os concertos con centros que segregan por sexo.

2 É unha contrarreforma sen análise e debate previo.

➤ Non se contou coa comunidade educativa.

➤ Non interesa o consenso e si a imposición.

3 É unha contrarreforma segregadora.

➤ Promove a segregación social ao non ter en conta as condicións socioeconómicas do alumnado.

➤ Introduce itinerarios en función do rendemento académico.

➤ Persegue seleccionar o alumnado canto antes para ocultar o fracaso escolar.

➤ Desde os 12 anos elíxense vías que non teñen retorno.

4 É unha contrarreforma que infravalora o traballo do profesorado.

➤ O criterio de avaliación continua desaparece de raíz e o labor avaliativo queda en mans de profesorado externo que realizarán as reválidas.

➤ As avaliacións só servirán para clasificar ao alumnado e aos centros.

➤ As notas que poña o profesorado de E.Secundaria serven, só en parte, para dar un título académico ao alumnado.

5 É unha contrarreforma que dinamita os dereitos laborais do profesorado.

➤ O profesorado interino poderá ser despedido e contratado pola dirección sen respectar a posición nas listas.

➤ A FP Dual suporá a supresión de carga lectiva dos distintos ciclos formativos e en consecuencia a supresión de boa parte do profesorado.

6 É unha contrarreforma que introduce a xestión empresarial nos centros.

➤ O director (sempre en singular e masculino) poderá seleccionar o profesorado do centro en función do proxecto específico de centro que el define.

➤ A elección do director queda nas mas da administración

➤ Remata a participación da comunidade educativa na xestión democrática dos centros.

7 É unha contrarreforma que fomenta a desigualdade de oportunidades.

- Establécese o mecanismo de clasificación dos centros baseada nos resultados do alumnado.
- Atribúense máis fondos ás escolas de mellores resultados nas reválidas, no canto defavorecer ás escolas con alumnado de maiores dificultades.

8 É unha contrarreforma que só favorece a ensinanza e empresa privada.

- Cede a xestión de centros públicos a entidades privadas.
- Os centros privados poden seleccionar máis ao seu alumnado pola definición do “carácter singular do centro”.
- Esténdese os concertos a nova formación profesional básica abrindo a porta con isto á concertación do ensino non obrigatorio.

9 É unha contrarreforma que cambia o currículo.

- Un currículo do que se reduce, ata case eliminar, todo saber que eduque ao alumnado no pensamento crítico e na autonomía persoal.

➤ Infravalora a lingua galega ao non considerala troncal coma o castelán.

➤ Cambio que afectará aos cadros de persoal dos centros e ao profesorado.

➤ En E. Primaria aumentanse as horas das materias instrumentais en detrimento doutras (EF e Música).

➤ En E. Secundaria ven reducida a súa presenza Tecnoloxía, Filosofía, E. Musical e E. Plástica e desaparece a modalidade de Bacharelato de Artes Escénicas, Música e Danza.

10 É unha contrarreforma que busca a recentralización e a falsa autonomía de centros.

➤ Auméntase a porcentaxe de contidos que marca o Estado e diminúe polo tanto a porcentaxe de contidos que escollía a nosa administración educativa.

➤ A imposición das reválidas priva da autonomía pedagóxica ao profesorado ao estar o proceso de ensino-aprendizaxe supeditado a “superar” as mesmas.

O STEG oponse a esta contrarreforma e promoverá a súa discusión e rexeitamento nas asembleas de traballadoras e traballadores. Así mesmo, continuaremos a animar á comunidade educativa a mobilizarse para traballar por unha reforma que teña como obxectivo un sistema educativo emancipador, igualitario, gratuíto e respectuoso coas diferenzas culturais, individuais, sociais e de sexo.